| - Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Introdución ao estudo da Xeografía | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes básicas para o estudo da Xeografía. | PE | 70 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de identificar, expor e explicar a información contida en fontes xeográficas (mapas, planos, fotos aéreas) | | |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar planos e mapas simples. | TI | 30 |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Coñece e explica de xeito adecuado accións de defensa da contorna | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O planeta Terra: relevo e hidrografía | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega terminoloxía xeográfica axeitada na interpretación de fontes cartográficas | PE | 70 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Localiza nun mapa coordenadas xeográficas.<br>Recoñece nun mapa físico as principais formas do relevo terrestre e costeiro así como a rede hídrica.<br>Sabe interpretar un hidrograma básico | | |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar planos e mapas simples | TI | 30 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de extraer e explicar información básica contida nun mapa físico.<br>Elabora esquemas/resumos/táboas relativos á composición e funcionamento da Terra e á formación do relevo terrestre. | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Reflexiona de xeito crítico sobre a relación entre relevo, recursos hídricos e actividades humanas.<br>Coñece/propón accións de uso sostible dos recursos terrestres e das augas continentais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Climas e paisaxes da Terra. Problemáticas actuais | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | -Coñece os principais riscos riscos derivados do cambio climático.<br>-Identifica algún dos efectos da actividade humana sobre a paisaxe. | PE | 70 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | -Emprega terminoloxía xeográfica axeitada na descripción dos climas e das paisaxes naturais. | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | -Localiza correctamente os principais climas da Terra.<br>-Coñece os elementos definitorios dos climas.<br>-Identifica diferentes paisaxes naturais e explica os seus elementos básicos. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | -Sabe analizar un climograma.<br>-É capaz de elaborar unha táboa relacionando climas e zonas bioclimáticas. | | |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | -Identifica as causas máis salientables do cambio climático e propón medidas para paliar a emerxencia climática. | TI | 30 |
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | -Explica algunhas das medidas implementadas polos Estados para paliar o cambio climático | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | -Participa de forma activa e argumentada en debates sobre o cambio climático e a perda de biodiversidade. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | -Mostra unha actitude crítica fronte aos efectos máis relevantes do cambio climático e as principais consecuencias negativas da actividade humana sobre a contorna natural | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | -Participa de forma activa e argumentada en debates sobre o cambio climático e a perda de biodiversidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | -Propón medidas concretas de alcance persoal para loitar contra o cambio climático e reducir o impacto da actividade humana sobre a contorna natural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. |
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. |
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. |
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. |
| - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |
| - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Xeografía física de España e Galiza | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | -Emprega terminoloxía xeográfica axeitada na interpretación de fontes cartográficas así como na descripción dos climas e das paisaxes naturais do Estado español. | PE | 70 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | -Recoñece nun mapa físico as principais formas do relevo terrestre e costeiro así como a rede hídrica de España e Galiza.<br>-Sitúa correctamente nun mapa os diferentes climas da Península Ibérica.<br>-Relaciona correctamente climas e paisaxes do Estado español. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | -Participa de xeito activo na elaboración dun traballo grupal sobre os principais impactos ambientais da acción humana en Galiza empregando fontes diversas | TI | 30 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | -É capaz de extraer e explicar información básica contida en mapas físicos referidos a España e Galiza.<br>-Elabora esquemas/resumos/táboas relativos aos climas e paisaxes de España e Galiza. | | |
| CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal. | -Participa de xeito activo na elaboración dun traballo grupal sobre os principais impactos ambientais da acción humana en Galiza empregando fontes diversas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para lograr os obxectivos establecidos na programación e unha adecuada adquisición das competencias propias da materia, cómpre que a actuación metodolóxica no preceso de ensino aprendizaxe da Xeografía e Historia sexa activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual (fomentando a capacidade de aprender por si mesmos) e cooperativo do alumnado (aprendizaxe entre iguais).

O obxectivo fundamental da ensinanza da Xeografía e Histoira é a consecución de aprendizaxes significativas: partindo dos contidos ("saberes") o alumnado deberá ser capaz de aplicar o aprendido á práctica (é dicir, debe "saber facer") e acadar as competencias propostas no currículo. O punto de arranque serán os coñecementos previos do alumnado (saberes aprendidos e experiencias vividas) para, a partir dos memos, fomentar que sexa capaz da aprender por si mesmo e aplicar o que aprendeu para detectar as repercusións que os fenómenos xeográficos e históricos tiveron no seu momento e teñen no presente. Dita progresión debe fomentar a participación activa dos rapaces e rapazas no proceso de ensino-aprendizaxe.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Procuraremos contextualizar as aprendizaxes e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar os contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

A metodoloxía empregada dependerá do tema a tratar e dos ritmos de aprendizaxe, pero con carácter xeral fuxiremos das clases exclusivamente expositivas, se ben teremos como base fundamental o libro de texto, a breve explicación na clase dos aspectos esenciais do tema a traballar e a realización de actividades diversas. Complementarase coa utilización da aula virtual como contedor de recursos TIC variados previamente seleccionados e organizados pola docente que servirán de apio ao traballo na aula e a partir dos cales se formularán tarefas de reforzo e ampliación.

Entre as actividades que facilitarán a asimilación dos contidos, a adquisición das destrezas propias da materia e a posta en práctica do tratado na aula están:
-Exposición ordenada do proceso histórico.
-Explicación básica dos trazos definitorios do contido a tratar.
-Elaboración de esquemas, resumos, táboas comparativas, eixos cronolóxicos, cadros sinópticos, mapas ou gráficas
-Lectura comprensiva de textos históricos, mapas históricos, táboas ou gráficos estatísticos ou obras de arte.
-Lectura e interpretación de imaxes.
-Dinámicas en gran grupo: tormenta de ideas, debates, asembleas, corrección conxunta de exercicios...
-Realización de pequenos traballos de investigación de xeito individual ou en pequeno grupo

Farase fincapé no uso de estratexias para traballar de xeito transversal a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a creatividade, o espírito crítico...

Finalmente cómpre sinalar que se aplicarán criterios de flexibilidade para favorecer a inclusión de todo o alumnado, favorecer a súa motivación e fomentar a súa participación.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto. Xeografía e Historia 1º ESO Obradoiro Santiallana. Proxecto construíndo mundos |
| Presentacións elaboradas pola profesora |
| Aula virtual do curso |
| Mapas, gráficos, textos, imaxes seleccionadas pola docente |
| Vídeos e ligazóns a páxinas web |
| Novelas históricas, novelas gráficas e cómics |
| Prensa |

Os recursos didácticos empregados son múltiples e de diversa natureza.

A base fundamental será o libro de texto, que neste nivel educativo é un importante apoio para o alumnado xa que contén os contidos teóricos que se van traballar ao longo do curso e ofrece diversas actividades para desenvolver.

Empregarase ademais como material complementario:
-Presentacións elaboradas pola docente con resumos/esquemas e imaxes do tema a desenvolver.
-Aula virtual con recursos diversos (vídeos, ligazóns a páxinas web, actividades interactivas... ) que serven de apoio e a partir dos cales se farán propostas de traballo.
-Lectura total ou parcial de novelas históricas, novelas gráficas e cómics (resultan atractivas para recrear feitos históricos)
-Visionado de películas históricas e documentais

O alumnado debe ter un caderno de traballo propio da materia onde plasmará os esquemas/resumos e as tarefas de xeito ordenado e ben presentado. Será unha mostra máis do seu traballo e un elemento a ter en conta de cara a valorar o seu progreso.

En resumo, empregaranse diferentes materiais didácticos (tanto tradicionais como TIC) coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual, en grupo e cooperativa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado. Así mesmo permitirá valorar as súas diferenzas académicas para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas de cara a atender á diversidade que atopamos na aula.
Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos correspondentes á etapa de primaria; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Un dos obxectivos da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **100** |
| **Proba escrita** | **70** |
| **Táboa de indicadores** | **30** |

**Criterios de cualificación:**

En cada U.D. o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas (70%). Os exames puntuaranse entre 1-10. Consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato. Especificarase o valor de cada pregunta. As faltas de ortografía descontarán 0,10 puntos ata un máximo de 1 punto. En canto ás T.I. (30%) comprenderán todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado. Serán moi variadas. Para a corrección empregaranse rúbricas adaptadas a cada tarefa cuxos parámetros xerais son: excelente (10); avanzado (8-9), satisfactorio (6-7), básico (5), escaso (<5). Farase a media do valor dado ás diferentes categorías da correspondete rúbrica. Nelas figurará un apartado referido á actitude e implicación no traballo. A nota correspondente ás táboas de indicadores será a media obtida nas distintas tarefas realizadas. Así, os criterios de cualificación serán 70% probas escritas 30% outros indicadores

Nota avaliación= [ (Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I.x30)] / 100. Aplicarase o seguinte redondeo: decimal superior a 5, redondeo á alza; inferior a 5, redondeo á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Nota final do curso= [(Nota 1ª aval.) + (Nota 2ª aval.) + (Nota 3ª aval.] / 3. Considérase superada a materia se o resultado é igual ou superior a 5 puntos. Se non chega a 5 o alumnado terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño.

**Criterios de recuperación:**

Haberá exames de recuperación parcial e, uns días antes da sesión de avaliación final do curso, celebrarase unha última proba de recuperación global para o alumnado que, logo de realizar as correspondentes recuperacións parciais, non obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos. As probas de recuperacion cualificaranse entre 1 e 10, especificando en cada pregunta o seu valor. As faltas de ortografía descontarán 0,10 puntos ata un máximo de 1 punto.

Nota da proba de recuperación corresponderase co 70% do valor da cualificación final da avaliación tal e como aparece especificado nos criterios de cualificación. A ela sumaráselle o 30% da nota das T.I. obtida na avaliación correspondente. Levarase a cabo un redondeo á alza cando o decimal sexa superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. Aprobarase a avaliación cando se obteña un 5 ou máis.

Na proba final global examinaranse todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas impartidas no curso. A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para considerar a materia aprobada; en caso contrario quedaría pendente. Aplicarase o xa mencionado redondeo.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes organizaranse do seguinte xeito:
A Xefa de Departamento e a profesora que imparte o nivel de 1º da ESO, encargaranse do alumnado que teña a materia pendente. Levarán a cabo un seguimento desde o comezo do curso do mesmo en colaboración coa persoa que imparte a materia de Xeografía e Historia no curso no que que está matriculado dito alumnado.
Ao inicio de curso será convocado para explicarlle o plan de recuperación, o cal tamén será comunicado ás familias por escrito.
Ao longo do curso o alumnado será titorizado regularmente: atenderanse todas as súas dúbidas sobre a materia que entra nos exames e corrixiranse os cadernos de actividades que se teñan entregado co obxectivo de promover unha recuperación positiva. Estas actividades teñen como finalidade reforzar a adquisición de coñecementos e procedementos básicos da Xeografía e Historia non superados no curso anterior e motivar ao alumnado para que traballe a materia progresivamente en vez deixalo todo para o día antes do exame. Fixarase unha data concreta de entrega de cada cartafol de traballo, a cal será comunicada ao alumnado e ás súas familias coa suficiente antelación.
Realizaranse dúas probas escritas en dous momentos diferentes do curso que non coincidan co período de avaliación trimestral ordinaria correspondente ao nivel no que está matriculado o alumnado. As datas serán comunicadas tanto ao alumnado como ás súas familias con suficiente antelación. A modo orientativo, celebraranse no mes de xaneiro e a finais de abril-inicios de maio.
En virtude do dito, a cualificación suporá:
60% da nota acadada no exame escrito sobre as tarefas e exercicios que se lle entregaron nos cadernos de actividades e que previamente o alumnado tivo que preparar.
40% da nota acadada polo traballo realizado, cuxa cualificación está determinada polas rúbircas específicas e é o resultado da media de todas elas.
Polo tanto, a nota é o resultado de:
Nota da recuperación parcial= [ (Nota do Exame x 60)+ (Nota do traballo x40)] / 100
A nota final de curso será o resultado de:
Nota final de curso: (Nota 1º exame + Nota 2º exame) / 2.
Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
Aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.
No caso de que o alumnado non recupere a materia logo de realizados ambos exames parciais, deberá presentarse a unha recuperación cando se lle indique. Consistirá nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas nos cadernos de traballo e puntuada nunha escala de 1 a 10. Non terá que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, debe corrixilo e entregalo de novo.
No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.
No presente curso escolar temos 7 alumnos/as coa materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Este apartado regúlase polo capítulo IV da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
No presente curso escolar en 1º da ESO, segundo indicacións do departamento de Orientación, contamos con 15 rapaces e rapazas con Necesidades de Atención Educativa (TDAH, Dislexia, TEA, AA.CC., Retraso Madurativo...) e outros 10 teñen Necesidade específica de apoio educativo (forman parte de agrupamentos flexibles nas materias de

Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas). Tendo en conta esta realidade, procurarase dar atención á diversidade, na medida que sexa posible e tendo en conta as elevadas ratios de alumnado.
Dedicaráselle especial atención a aquel alumnado que por distintas causas presenta maiores dificultades de aprendizaxe. Respectarase o seu ritmo de traballo e achegaráselle material adecuado. Así mesmo, tamén se procurará reforzar o traballo daquel alumnado que demostre capacidades cara un maior afondamento na análise de contidos. En consecuencia, as medidas de atención á diversidade desenvólvense en dous niveis:
1.-Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.
2.-Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento que poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.
Xa que logo, implementaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que a docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas, un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado pola propia docente co asesoramento do Departamento de Orientación e/ou a selección de recursos TIC accesibles a través da aula virtual da materia.
Dentro das medidas de atención á diversidade, o profesorado do Departamento porá especial coidado no tratamento a alumnado repetidor. Tratarase de reforzalo positivamente para evitar, de novo, o seu fracaso escolar, o absentismo ou abandono. Facilitará a súa integración na aula e adoptará medidas de reforzo no caso de que sexan necesarias. Será fundamental unha comunicación e coordinación máis intensa cos/coas titores/as e coas familias, dándolles puntual información do seu desenvolvemento (asistencia, participación na aula, resultados das probas...).
En canto ao alumnado con diagnóstico TDAH, significativamente numeroso nas aulas de 1º da ESO no presente curso escolar, con carácter xeral, procurarase:
-Situalo na primeira fila da aula a fin de reducir as posibilidades de que outros estímulos distraian a súa actividade.
-Asegurar a comprensión das explicacións ou das instrucións para realizar as tarefas mediante unha rutina tendente a unha explicación o máis clara posible.
-Adaptar o tempo para a realización de tarefas na aula, dada a relativa lentitude na execución de tarefas propias do curso no que se atopa.
-Adaptar a cantidade e complexidade das tarefas a realizar na aula ou na casa.
-Adaptar os criterios de calidade da execución de tarefas.
-Facilitar estratexias atencionais para realizar as tarefas.
-Priorizar os obxectivos fundamentais a adquirir. Para favorecer o progreso deste tipo de alumnado con TDAH incidirase nunha serie de obxectivos fundamentais escollidos que deben seren acadados e consolidados, renunciando se fora necesario aos demais.
-Cambiar a temporalización de logro de obxectivos. Dar máis tempo para alcanzar os obxectivos.
-Simplificar os obxectivos sempre que sexa posible para facilitar a súa consecución.
-Desglosar os obxectivos en metas intermedias. Sempre que sexa posible reducirase a complexidade dun obxectivo dividíndoo en partes, sobre todo cando se trata de obxectivos máis complexos, pola necesidade deste alumnado de dirixir a atención.
-Realizar unha avaliación diferente. Hai que considerar a súa lentitude tanto de procesamento cognitivo como de execución motriz, o que puidera facer difícil abordar determinadas cuestións de aplicación de coñecementos e rematar as tarefas de avaliación no tempo normativo, polo que, de ser necesario, adecuaranse as probas á realidade do alumno con TDAH. Neste sentido poderase:
-Reducir a cantidade de preguntas e/ou modificar a formulación das mesmas.
-Proporcionar instrucións e advertencias atencionais. Tratarase de expoñer o máis claro e preciso posible as cuestións de
exame, incluíndo aclaracións que fagan de guía atencional para este alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | | | | | | | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | X | X | X | X | | | |
| ET.4 - Emprendemento | | | | | | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | | | | | | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz | | X | X | X | X | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | | | | | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | |
| ET.4 - Emprendemento | X | X |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz | | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | X | X |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visitas a exposicións de interese didáctico | Complementaria | X | X | X |
| Visitas a museos: Santo Antón na Coruña, Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial de Pontevedra... | Complementaria |  | X |  |
| Visitas a xacementos arqueolóxicos megalíticos: p.ex. Campo Lameiro, Dombate, Axeitos... | Complementaria | X | X |  |
| Visitas a xacementos castrexos relevantes: p.ex.Baroña, San Cibrán de Las, Viladonga, Borneiro... | Complementaria | X | X |  |
| Roteiro polo Lugo romano/Aquis Querquennis/Via Nova Vespasina | Complementaria |  | X | X |
| Charlas de interese didáctico | Complementaria | X | X | X |
| Proxección de documentais ou filmes | Complementaria | X | X | X |
| Excursión a algún parque natural: p.ex. Fragas do Eume, complexo dunar Corrubedo-lagoa Carregal-Vixán | Complementaria |  |  | X |
| Visita a Meteogalicia | Complementaria |  |  | X |
| Asistencia a representacións teatrais | Complementaria | X | X | X |
| Visita ao planetario de A Coruña | Complementaria |  |  | X |
| Calquera outra actividade na que se desenvolvan aspectos relacionados coa materia | Complementaria | X | X | X |

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, resulten motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado de cara á actividade:. dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula, unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Demostra coñecemento da materia |
| Planifica as sesións lectivas |
| Ensina e avalía en función dos criterios da programación |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros |
| A temporalización foi axeitada |
| Os criterios de cualificación foron claros e axustados |
| Metodoloxía empregada |
| Emprega variedade de recursos |
| Explica con claridade |
| É ordenada nas explicacións |
| Resolve dúbidas |
| Revisa a realización de tarefas propostas |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Realizouse avaliación inicial |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Sabe dirixir as clases |
| Medidas de atención á diversidade |
| Valora o esforzo |
| Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado |
| As actividades foron variadas e motivadoras |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación |
| Clima de traballo na aula |
| Crea ambiente de aprendizaxe |
| Motiva ao alumnado |
| Outros |
| Cumpre co horario de clase |
| Valoración xeral da materia |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

A avaliación da práctica docente realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino, para o cal disporase dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versará sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación), sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc. Todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se

efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados